

Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO Nº 9

ESPECIAL LETRAS GALEGAS 2002

NO APARTADO DE "ACTIVIDADES E EXPERIENCIAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS CENTROS EDUCATIVOS"

O IES TERRA DE TURONIO 3º PREMIO NO CERTAME "ENTRE NÓS, EN GALEGO"

Por segundo ano consecutivo, o noso centro vén de acadar o 3º premio no apartado referido á normalización lingüística.

¿Qué significa isto?

*Que estamos a realizar actividades interesantes para que a nosa lingua sexa de uso "normal" no noso centro.

*Que este boletín que tes nas mans serve para dar a coñecer todas estas actividades ao longo do curso dun xeito regular.

*Que desde o equipo de normalización lingüística se están a planificar actividades para que toda a comunidade educativa sexa consciente de que a nosa lingua debe ser valorada e considerada como uns dos principais signos de identidade.

¿ Que actividades son esas que se premian ?

En xeral todas aquelas que se realizan no centro e que teñen relación coa nosa lingua e coa nosa cultura. Pero obter un premio como este é necesario que se realicen actividades "singulares" como...

- Editar un boletín tan xeitoso: o Superturonio...
- Ter unha radio funcionando tan boa como Radio Turonio...



Frei Martín Sarmiento

Sumario

- ¿Quen foi Sarmiento?
- Exposición sobre as medidas tradicionais
- As lendas animadas
- Premiados no certame: "Tráenos a súa voz"
- Premios da campaña: "Entre nós, en galego"
- Actividades das letras galegas

- Realizar un certame sobre o patrimonio oral como o de "Tráenos a súa voz"...
- Facer un programa para PONTE...NAS ONDAS! cun centro de Rio de Janeiro no Brasil...
- Montar unha exposición sobre as formas de medir tradicionais como a que agora mesmo temos no centro...
- Facer traballos de multimedia como o tratamento das lendas tradicionais en Power Point...
- Organizar actividades para as Letras Galegas como as que se veñen realizando...
- E así, moitas outras máis que entre todos imos facendo...

Parabéns para todos. O premio é colectivo.

E ADEMAIS...

Parabéns para Iván e tamén para os/as que enviastes traballos. Este foi o poema premiado:

2º PREMIO NO CONCURSO DE POESÍA PARA IVÁN LÓPEZ DE 4ºA NO CERTAME "ENTRE NÓS, NE GALEGO" PARA ALUMNOS DE SECUNDÁRIA.

Sentimento

A terra que me viu nacer,
a terra que me criou,
aquela que me inculcou o saber
e que a cotío enfermou.

Esa terra branca e pura,
esa terra oprimida
toda chea de fermosura,
e que endexamais se olvida.

Non esquezo os ventos,
que pola túa gorxa saen.
Non esquezo os fortes laios
dos que lonxe de ti morren.

Cando de ti me afastei,
lonxe tiven que chegar,
e tan duramente traballei
para onda ti voltar.

Tan fondo era o sentimento
e tan profunda a amargura
polo imposto alonxamento,
que cheguei a perde-la cordura.

Es para min coma o sol do mencer,
Es para min coma un soño por realizar.
Ese fio azul do atardecer,
Algún día nos ha de xuntar.

Iván López Rodríguez

¿Quen foi Sarmiento?

F R E I M A R T Í N S A R M I E N T O
(Vilafranca do Bierzo, León 1695 - Madrid, 1772)

O 9 de marzo de 1695 nace en Vilafranca do Bierzo un neno que será bautizado como Pedro José García Balboa. Ós catro meses de idade a familia trasladarase a Pontevedra por razóns do traballo do seu pai e alí transcorrerá a infancia de Sarmiento. O 3 de maio de 1710 entra no convento de San Martín de Madrid para facer o noviciado na Orde beneditina, profesando o 24 de maio do ano seguinte, pasando a estudar Artes no Colexio de Hirache, e despois Filosofía. Posteriormente pasará a estudar teoloxía en Salamanca e será durante esta etapa cando modifica o seu nome, un cambio que se debeu ó feito de que había xa matriculados varios García e outro Balboa polo que escollería o segundo da súa nai, Sarmiento e Martín, en honor ó patrón do convento no que profesou.

Salamanca, Madrid, Oviedo, Eslonza, Luarca, Ribadeo, ... Sarmiento fai curtas estancias en varios conventos, coincidindo co Padre Feijoo, co cal establecería unha fructífera e longa amizade. No ano 1726 traballa afanosamente nos códices do arquivo da Catedral de Toledo, achegándose ó estudio da poesía medieval. Voltará a Galicia en 1745 e en 1754 e destes viaxes obterá unha grande cantidade de información sobre a lingua e cultura galega, preocupación e interese que quedará reflectido en numerosos escritos que alternarán con outras obras feitas por encargo.

Sarmiento, autor verdadeiramente prolífico que a penas publicou obras en vida, amosouse moi interesado a partir da década dos 50 polos temas da natureza: flores, plantas, cunchas e animais, desenvolvéndose entón a súa preocupación naturalista. Será a partir de entón, co seu regreso a Galicia no ano 1755, cando comece a súa época de maior fecundidade, principalmente no ámbito da botánica galega e na Historia Natural. Precisamente será a instancias de Sarmiento cando se crea o Real Xardín Botánico e, a partir de 1743, comeza a reclamar a necesidade de establecer bibliotecas públicas e xardíns botánicos en tódalas cidades. Do mesmo xeito, Sarmiento reclamará á creación de cátedras universitarias de Historia Natural, Agricultura e Botánica



A toponimia, a xeografía, a s preocupacións pedagóxicas, ... serán moitos os campos do saber ós Sarmiento prestará interese. Xunto con Feijoo e Jovellanos, é considerado como un dos grandes homes do seu tempo. Pese a non ter publicado case nada, xa que os seus intereses e preocupacións científicas non son do gusto da época, a súa opinión xa foi apreciada en vida. As súas obras circularon a través de copias a veces moi pouco fiables, fundamentalmente os manuscritos literarios, médicos e botánicos posto que a súa obra lingüística tardaría moito en comezar a ser valorada.

A pesares de non ter a penas escrito en galego, o seu interese por Galicia quedou evidenciado a través dos seus esforzos por catalogar e recoller noticias etnolóxicas, históricas, folclóricas ou toponímicas, todas elas de grande utilidade documental, chegando a ser considerado como un dos grandes no campo do mundo da pedagogía e a didáctica. Neste sentido, Sarmiento foi o primeiro en interesarse por recoller, documentar e estudar o galego, non só como obxecto de estudio senón no seu uso oral, insistindo na necesidade de que ós nenos galegos se lles ensinara no seu propio idioma.

EXPOSICIÓN SOBRE AS MEDIDAS TRADICIONAIS

Está montada no centro a exposición sobre "As formas de medición tradicionais". Como sabedes, a proposta dos centros que realizan Ponte...nas ondas!, establecemos desde o comezo do curso que o Patrimonio Inmaterial fose un dos contidos a traballar nas diferentes materias. Como mostra desta interdisciplinabilidade, o departamento de Matemáticas decidiu montar esta estupenda exposición de obxectos de medición tradicionais e que están presentes aínda na cultura galego-portuguesa. Os ferrados, os cabazos, os cuarteróns, as pipas...son algunhas destas medidas empregadas tradicionalmente. Desde estas páxinas queremos convidar ás familias a que visiten esta mostra para que coñezan este traballo e mesmo poidan facer as súas aportacións.

TRÁENOS A SÚA VOZ

Do mesmo xeito, tamén respondendo á proposta de traballar o Patrimonio Inmaterial, o departamento de Normalización Lingüística decidiu convocar o certame de recollida de gravacións "Tráenos a súa voz", como xa se deu cumprida información desde estas páxinas.

En vindeiros números iremos dando algunhas mostras destas recollidas.

Este é o resultado do certame:

1º premio IVÁN VALENCIA ALMANSA de 4º A. Reproductor de CD's portátil

ACCÉSIT para os traballos realizados por:

- Sergio González Bouzada de 2º D
- Anxela Atanes Rodríguez de 3º A
- Roberto Sousa Rodríguez de 1º B
- Sandra Torres Blandón de 4º A

AS LENDAS...ANIMADAS !

Outra das actividades que se realizaron arredor do Patrimonio inmaterial foi a montaxe en Power Point de algunhas lendas tradicionais. Van estar en ordenadores polo corredor do centro para que se poidan contemplar.

ACTIVIDADES LETRAS GALEGAS-2002

- Presentación de lendas tradicionais en POWER POINT
- Proxección do filme "A LINGUA DAS BOLBORETAS"
- Recitado, relato e interpretación de traballos do alumnado.
- Entrega dos premios do certame "TRÁENOS A SÚA VOZ"